

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA 25.07.1995

## **NO DÍA DE GALICIA DE 1995**

por

MANUEL FRAGA IRIBARNE  
Presidente da Xunta de Galicia


Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,  
Sr. Delegado do Goberno,  
Miñas Donas, meus Señores:

Axuntámonos de novo para celebra-lo Día de Galicia e festexar ó Patrón Santiago arredor das institucións e persoeiros galegos que reciben hoxe unha Medalla de Galicia, coa que queremos recoñece-los servicios que ten prestado á nosa terra, á nosa cultura, ó noso pobo.

Agradezo como se merece a amabilidade con que tedes acollido o convite a estar hoxe aquí connosco.

Sede benvidos todos.

Dacordo coa tradición, hoxe é o día máis axeitado para que galegas e galegos manifestemos as nosas mutuas arelas de felicidade. Cumpramos pois o rito, desexándonos todos paz e ben.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

2

1

Tamén impón o costume que se felicite ós premiados. A este propósito cumpre lembrar que o artigo primeiro do Decreto de 1991 que regula a concesión das Medallas de Galicia, dispón que elas deben outorgarse *“ás persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa actividade, dentro ou fora do territorio da Comunidade Autónoma, salientables polos seus méritos e polos servicios prestados á propia comunidade”*. Pois ben, velaí que -segundo acredita a sucinta relación que fumos escoitando na- mentras se impuña o galardón a cada un dos distinguidos- tódolos ensalzados este ano acreditáchedes méritos sobresaíntes.

Recibide polo tanto a nosa congratulación: a de toda Galicia e a miña persoal. Os nosos parabéns para as persoas e institucións galardoadas coas Medallas de Galicia, nesta entrega de 1995, que ven sendo a duodécima desde foran instituídas no ano 1984. Felicitacións moi sentidas a todos; non só para os chamados polo seu patronímico; senón tamén para os moitos homenaxeados tácitamente, por seren membros das institucións premiadas. Esas moitas persoas físicas non chamadas unha por unha, pero cubertas baixo a denominación das persoas xurídicas distinguidas, deben sentirse singularmente honradas porque encarnan e represen-



XUNTA DE GALICIA

3

PRESIDENCIA


tan nidiamente a humilde vitalidade e a agachada creatividade que caracteriza ó noso pobo.

2

Afortunadamente para o porvir da sociedade complexa que tocounos en sorte, maniféstase en moitos campos a grande vitalidade e creatividade do noso pobo. O amosa moi ben o reconto sumario dos variados eidos nos que tense distinguido maiormente os protagonistas desta festa. E non está de máis facelo, non sexa que poida ficar desapercibida a grande riqueza de capital humano que todos nós atesoramos e que resalta mellor contemplándoa personificada nos presentes.

Sobresaíron algúns deles no campo das relacións de Galicia cos outros pobos, destacando aí D. Aleixandre Alves, o gran promotor de relacións entre Galicia e a Rexión Norde de Portugal.

Despuntaron outros no campo da asistencia social. P.e., a *Comunidade Hispánica de Asistencia Social*, na prestación de acollida a xentes sen fogar; D<sup>a</sup> Ruth Gómez, na atención a pequeniños enfermos terminales; Sor Magdalena López, na asistencia a nenos e mozos abandonados; D. Ignacio Varela, na promoción xeral de servizos sociais na vila que rexera moitos anos;



## XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


4

e D. Bernardino Breijo, no mesmo eido, destacando especialmente na loita contra os lumes forestais. Eles son epígonos singulares da lexión de galegos coetáneos e devanceiros que se distinguiron sempre na actividade caritativa ou filantrópica.

Moitos dos condecorados hoxe adican as súas vidas a actividades industriais e comerciais e destacaron dabondo no desenvolvemento de empresas desta caste. P.e., a *Sociedade de Plásticos Ferro*, na industria dos ditos materiais artificiais; D. Antonio Rodríguez, na industria da madeira e do mobiliario; D. Francisco Carabel, na industria da ouriveiría; D. Luis Fernández, na industria do transporte; D. Armando Raposo, na industria turística; e D. Belarmino Fernández, D. Juan Díaz e D. Enrique Suárez nas industrias da hostelería e da restauración. Todos eles proban que Galicia non constitúe un deserto industrial e comercial, e tamén testemuñan que a nosa pequena e mediana empresa ten un tecido productivo que goza de boa saúde.

Brilaron algúns outros dos premiados no campo das profesións liberais. Así p.e., D. Xaime Arriandiaga, na Inxeiñeiría de portos e D. Daniel Turiel, que en paz estea, na Farmacia. Entrambos son bos modelos da entrega ó servizo público.

Fixéronse famosos outros deles no campo das artes escénicas e do espectáculo. Neste eido traballou o finado Chano Piñeiro, iniciador da cinematografía galega. E ó mesmo grupo pertence D. Luis César *Diosíño*, que fala galego có seu acordeón.



## XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

5


Tamén temos antre os premiados deportistas que conseguiron laureis galegos, españois, europeos e mundiais, como o esgrimista D. Ramiro Bravo, e o regatista D. Xavier de la Gándara.

Destacaron outros dos nosos homenaxeados tamén no campo do ensino. Así p.e., D. Álvaro Vázquez, como mestre de educación primaria e secundaria; D. Manuel Rosales, como impulsor da educación física; e D. Francisco Reyes Oliveros como Catedrático de Neurociruxía.

Loitaron con éxito case todos eles tamén pola autoidentificación, é dicir, para salva-la diferenza cultural e a memoria histórica de Galicia. E tal fixo, de modo paradigmático, o *Padroado Rosalía de Castro*, no que militan e militaron -como patróns ou como socios- practicamente tódolos galegos bós e xenerosos do último meio século.

Finalmente, brilou en tódolos frontes á vez, por así decilo, esa institución tan especial e tan nosa, que é a *Universidade de Santiago de Compostela*.

Pero obrigado é deterse un chisco para glosa-la Medalla de Ouro de Galicia que se lle concede á querida *alma mater* de cáse-que todos os aquí presentes.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

6

3

Outórgase a Medalla de Ouro de Galicia de 1995 á *Universidade de Santiago de Compostela* co gallo da celebración do seu quinto centenario. Cinco séculos leva a institución existindo entre nós e rendendo servicios continuados a Galicia. Polo tanto, o primeiro de todo que teño que facer, no nome da Xunta e do Pobo de Galicia é rendir homenaxe á meirande institución que posúe Galicia no campo da ciencia, a educación e a cultura, neste aniversario. Fácilmente se advirte que se trata dun evento que desborda por si mesmo os lindeiros da normalidade para pisar os da excepcionalidade.

Cinco séculos de actividade ininterrupta conceden á Universidade de Santiago a condición de ser unha das máis vellas institucións galegas vivas. Cinco séculos de actividade seguida acumulan uns méritos e unha prosapia envexable. Podemos sentir os galegos lexítimo orgullo por ter unha universidade que forma parte da *Ivy League* das universidades centenarias. Podemos gabarmos por ter aposento nesa excelente *turris eburnea* das universidades clásicas existentes no occidente cristián que as inventou, i en realidade, das existentes en todo o mundo. Tal feito é o que esta Medalla de Ouro pondera e festexa de modo principal.



## XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

7

Pero se concede, ademáis, o galardón á Universidade de Santiago, para exaltar o excelente saldo que resulta da súa xestión e para darlle a tódolos que nela sirven azos renovados cara o futuro.

A actual Universidade de Santiago merece unha avaliación moi positiva en canto a dirixi-los seus programas de ensino e investigación cara ó estudio, a persoalización, o aprecio e solidariedade con Galicia. E a mesma calificación mereceu no pasado, aínda que non llo recoñeceran ó longo do último século non poucos hipercríticos -formados cáseque todos eles, por certo, nas súas aulas-.

A concesión Medalla de Ouro de Galicia supón unha renovada invitación do Pobo Galego á Universidade de Santiago para que siga a cumpli-lo imperativo que figura na medalla corporativa dos seus claustrais: *Perfundet omnia luce!* ¡Chea de luz tódalas cousas! ¡Ilumínao todo! Tal foi o que fixeches os universitarios composteláns ó longo de cinco séculos, como están a amosalo as investigacións sobre a historia universitaria que vense publicando neste mesmo ano. Hai nelas críticas positivas e negativas de episodios, persoeiros ou programacións, porque a crítica é a condición da tradición e do progreso, e por iso é absolutamente necesaria. Precisamente é a universidade a institución que aprende a usa-lo pensamento crítico a todos, estudantes e profesores.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


8

A Universidade de Santiago é a fonte limpa da ciencia galega e por iso escola fecunda de pensamento crítico e prudente. Podemos e debemos estudia-los nós mesmos, e pescuda-lo mundo, circundante ou lonxano, cun método analítico e cuantificador, desenvolvido con prudencia e discreción; é dicir, sen utilizar esas mesmas capacidades do xeito atolondrado e masoquista que pode levar á depresión de mestres e discípulos. Podemos inundar a Galicia de luz.

É patente o feito de que a Universidade de Santiago tense ocupado sempre da realidade galega y tense convertido na conciencia de Galicia durante os cinco siglos da súa singladura. Esta é verdade: e é bó decila, só por selo, porque a verdade libera. E, ademáis, é unha verdade creativa: e é intelixente publicitala para proclama-la galeguidade cultural dunha universidade que sempre a tivo, e que no noso tempo a amosa máis viva e actuante que nunca; e para anima-la fe de todos nós nos altos destiños do noso pobo.

En definitiva, a concesión da Medalla de Ouro de Galicia á Universidade de Santiago co gallo do seu quinto centenario significa, o primeiro, recoñecer solemne e públicamente o papel que tivo e que ten a Universidade de Santiago de motor da cultura, da ciencia e da técnica en Galicia. E significa, o segundo, pedirlle á Universidade de Santiago que continúe a ser no futuro o motor





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

9

cultural, científico e tecnolóxico de Galicia con tantos azos coma o fora no pasado, ou meirandes, se posible for.


4

O Día de Galicia é ante todo o unha xornada festiva adicada á celebración do noso Patrón celestial, Santiago Zebedeo, o Fillo do Trebón, o Apóstolo do Señor. Señala tamén para el a nosa cántiga, xa que hoxe é o día no que

*O Santo de Pedra  
vírase penedo,  
vírase paxaro,  
vírase cantar,  
e todo é virarse  
por se revirar.  
¡O Santo de Pedra  
quere beilar!*

El é cifra e símbolo dunha secular heteroidentificación de Galicia válida para todos os nosos irmáns europeos. Para eles, se a nosa Galicia non se confunde coas outras Galicias existentes -especialmente coa polaca e coa turca- se debe a que a nosa é o *Jakobsland*, a Terra de Xacobe, o País que está ó rabo occidental do Camiño de Santiago.

Por iso é o Día de Santiago data de festa grande entre nós dende sempre; quero dicir, dende que temos memoria histórica de sermos un nobo. Por iso é día de festa especial, de festa única, de




PRESIDENCIA

festa raxada. Na súa festividade, o *santo da barba dourada* -como lle alcumamos no romance de *Don Gaiferos* con agarimo- acepta mesmo as nosas brincadeiras e rexoubas, que el ben sabe non son irrespetuosas, senón froitos do afecto, da confianza e da familiaridade. Por iso é este o día en que mesmo podemos invitar ó Apóstolo a divertirse connosco, e cantarlle -parodiando os versos da *Muiñeira* de Rafael Dieste<sup>1</sup> - a estrofa denantes lembrada.

5

O Día de Galicia é tamén o noso día, o día de nós, os galegos. E por iso, xornada boa para lembrar, confesar e reafirmar a nosa unidade. E por eso, boa ocasión para facer balanço cordial do negocio que traguemos todos entre mans, mirando sobre todo ós capítulos do mesmo que dan ánimo e que reforzan o orgullo de sermos galegos, e apartando provisoriamente a mirada do que pode nos desunir ou enfrontar.

Problemas non nos faltan. Hainos para todos. Na nosa experiencia, no noso traballo cotián están ben presentes os relacionados coa necesidade de máis comunicacións -máis autovías, máis ferrocarrís, máis telefonía); e de máis enerxías gasificadas i eólicas; e de máis caladoiros para os nosos pescadores; e de mei-




randes cuotas lácteas para os nosos gandeiros... Ben, ésta é tamén data oportuna para proclamar que non os esquecemos, nin nos días de festa, e de que non estamos a enrugarmos diante deles, senón que estamos a crecemos cara eles.

Escribía Dieste tal día coma hoxe do 1924<sup>2</sup>, que cada artista galego xa non podía permitirse o luxo de ficar en propósitos verbais; que xa pasara o tempo de *“proporse ser sincero ou mintreiro”*; que xa chegara o intre para decidirse a ser *“artífice”*; é dicir que había que superar esa eterna posición de estar *“preocupados”*, en vez de ocupados; que non podíamos seguir estando *“enfermos de indecisión”* e que xa non era tempo de *“andar vagariñando polas fronteiras”* da irrealidade...

Me praxe relembra-lo que escribía Rafael Dieste fai setenta anos neste Día de Galicia de 1995 por ter sido o persoeiro a quen esta anualidade lle estivo adicado o Día das Letras Galegas, a outra festa pública senlleira de Galicia. Pero tamén, e sobre todo, porque esas ideas seguen a ter vixencia hoxe . Tanta, ca súa validez debe extenderse dende o reducido sector dos artistas galegos, a toda a sociedade galega.

<sup>2</sup> R. DIESTE (1924) “A arte e a vida”, p. 10.




6

En efecto, hoxe é un bo intre para dicir o que estamos facendo e o que teñen que facer os que aínda non cambearan de rumbo: Que nós sabemos e queremos encara-los problemas, aliñalos, crecemos diante deles e cargar contra eles cun atronador *¡Santiago e cerra Galicia!*

Temos que escoitar o clamor que xurde das minorías egrexias do noso pobo, das élites formadas por mulleres e homes como os condecorados hoxe. Un de vós publicou fai poucos días un ensaio pescudando *A Galicia que vai en nós*<sup>3</sup> no que se postula que cumpre supera-los fracasos que nunca fallan e que nos afortalemos co estímulo dos éxitos que vimos acadando co esforzo de moitos. Velaí o bo camiño. Nin malgastar en lamentacións improductivas polo que aínda nos falta preciosas enerxías vitais; nin durmírmonos contemplando espellismos ou mirándonos no embigo do que xa acadamos.

O Fogar de Breogán está en movemento. Xa espertou dun soño que era transitorio. Evitemos a recaída no solpor. Xa non calamos e emigramos; senón que respostamos ós aldraxes e damos a cara nos conflitos que inevitablemente tachonan as relacións políticas i económicas. Xa non suplicamos, senón que esi-




## XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

13

ximos o noso, en pie de igualdade, ás demais rexións do Reino de España e da Unión Europea. Xa non rifamos tanto entre nós; ó contrario, nos entendemos e practicamos a colaboración e a mutua tolerancia entre nós, aínda cando estamos revestidos de diferentes cores partidarias. Xa non nos transterramos por necesidade: ó revés, mandamos axuda ós emigrantes sen agardar esmolas de ninguén; e recuperamos á poboación emigrada que desexa reinsertarse na terra. Xa somos tamén admirados e mesmo envexados por outros, e non só denostados ou combatidos, cousas ambas sempre inevitables: acontecementos cumpridos, como o Xacobeo 93, preludian outros por chegar como un grandioso Ano Santo 1999 que podería continuarse co evento da capitalidade cultural europea de Santiago no ano 2000...

Permitiráseme entón afirmar, coa cautela que se queira, pero cunha gañada miga de apracimento colectivo, que xa estamos apalpando a realidade de moitos dos soños dos nosos devanceiros. E en particular que estase a dar o salto cualitativo da solidariedade espiritual, que se rexe polo imperativo categórico *Hai sitio para todos* proposto por eles. En efecto, o Día de Galicia é o momento máis apropiado para que tódalas galegas e galegos se collan das mans e digan con voz ben sonora que *hai sitio para todos na obra de construír a Galicia que vai en nós*.




O Día de Galicia e o día xusto para facer propósitos de superación das nosas eivas, para adoptar decisións cara á marxina- ción dos nosos atrancos, para darlle á vontade colectiva vigor e capacidade anovadas. Tamén falou desto Rafael Dieste con oca- sión doutro 25 de Xullo, o de 1926<sup>4</sup>, nun artigo firmado xunto con Roxelio Otero Espasandín, o seu camarada de loitas armadas en Marrocos, cando ambos fixeran o servicio militar, e o compa- ñeiro de loitas cívicas xa para toda a vida. E coido axeitado lem- bra-lo seu ensino precisamente neste ano 1995, pola razón de- vandita.

*“No presente galego -explicaban Dieste e Espasandín- xa non pode abondarnos a opinión persoal. É hora de deseñar acordos e de actuar según eles. Agora, as aristas dos nosos pen- samentos teñen de se endereitar a un vértice que fenda, ledicioso e constante, as longas valgadas do porvir, tal como fende a ferra do arado nunha terra virxe”.*

O que buscaban Espasandín e Dieste era a coincidencia, e nese senso, a unidade de tódolos galegos “nun mesmo tema”. “¿Cál é?”, se preguntaban os autores, a punto seguido. E contes- taban coa mesma inmediatez: “¿Cal outro poder ser? “A unida-

<sup>4</sup> R. DIESTE “Coincidencias” no súa *Obras Completas*, t. 1, p. 117.




*de interna de Galicia*". Así que, para eles, o punto de coincidencia que faría de rella de arado abridor de sulcos futuros gloriosos se reducía a esto que remachaban de seguido: "*A unidade interna de Galicia ten de se-la nosa mira primeira*".

Premonitorios da importancia de eso que hoxe chamamos autoidentificación, arguían a favor da súa idea Espasandín e Dieste unha razón definitiva, a saber: que "*a falla de unidade equival a condenármonos ó descoñecemento de nós mesmos en xunto*".

Despois, ambos patricios facían unha breve lista dos "factores que se opoñen á unidade galega", destacando entre eles o que esbozan falando dunha "*escasedá de fe no noso destino, quizais por causa do concepto enfermo que de nós mesmos temos*". Logo, Dieste e Espasandín convidaban á mocidade a "*contrapor a isas forzas negativas un berro de xubilosa vontade*". E finalmente remataban o ensaio pedindo a aparición dunha vontade colectiva de superación. Nas súas mesmas verbas:

*"Despois de ben desenguedellado o pensamento, vimos sempre a parar a esta palabra: vontade. Non hai recetas revés-gadas nin conxuros artificiosos. Todo fica no fío -remate e comenzo- do querer ser"*.

Recollamos o mandado dos nosos devanceiros. Queiramos ser e ter. Teñamos vontade de ser e contar. Canguemos hoxe de novo as pilas -como gusta deci-la mocidade agora- tomando im-



## XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

16

pulso da rememoración dun pasado que foi moitas veces grandioso. E poñamos mans á conquista do futuro coa defensa a ultranza da nosa identidade; coa ocupación do lugar que nos corresponde no concerto español i europeo; co perfeccionamiento da nosa autonomía segundo o modelo da administración única; co desenvolvemento dunha agricultura moderna, dotada de piscifactorías como as xaponesas, granxas como as danesas, invernadoiros como os alemáns, agroindustrias como as americanas; e co logro de investimentos, tecnoloxías, investigacións, infraestructuras e servicios propios do século XXI...

Teñamos fe en Galicia. Teñamos fe en nós mesmos. Teñamos confianza na axuda divina. Teñamos fe na protección do Apóstol Xacobe, noso Patrón, que no Día de Galicia tornamos impertrar.

Con estes augurios termino, felicitando de novo, na nosa máis grande festa anual, a tódolos galegos, presentes ou ausentes: e especialmente ós máis alonxados da terra e do lar.

O Día de Galicia de 1995 mándalles unha gran aperta a todos, ó tempo que os empraza para que poidan retornar con ben e fortuna e poidan estar connosco nas próximas xuntanzas. ¡De hoxe nun ano!

E dixen.